



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

*Aprobación bases reguladoras PREM-FP/2025*

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases do XVII - Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais, cuxo texto se transcribe:

#### XVII Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais

##### BASES

##### Primeira.- Obxecto

Coa intención de difundir, apoiar e promocionar os grupos e artistas musicais das diferentes comarcas e localidades galegas, así como para lembrar e difundir socialmente a figura e a obra do músico, compositor para espectáculos musicais e teatrais e dinamizador cultural, que foi o cantante Fran Pérez “Narf”, a Deputación provincial da Coruña convoca o XVII Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais.

##### Segunda.- Persoas destinatarias

Poderá participar calquera grupo ou artista musical galego ou residentes en concellos galegos, do ámbito da música pop e variantes (folk, rock, rap, reggae...), que non fosen finalistas nin obtivesen o premio nos dez anos anteriores a este, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún outro premio ou certame.

As persoas participantes non poderán formar parte de máis dun grupo dos que participen no concurso. As que se presenten individualmente tampouco poderán formar parte de grupo ningún.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable na que se manifieste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, polo que recaerá na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumirá, se é o caso, as indemnizacións que poidan corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio

##### Terceira.- Dotación

Establécense os seguintes premios:

Primeiro premio	4.000,00€
Segundo premio	2.000,00€
Terceiro premio	1.500,00€

Estas cantidades están suxeitas ás retencións legais que lles sexan de aplicación.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado. (no caso de persoas físicas).

##### Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día **10 de febreiro de 2025 e rematará ás 14:00 horas do 10 de abril de 2025**, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

##### Quinta.- Tramitación da solicitude

A convocatoria tramitárase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación.
- Quen presente a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital.
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude.
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.
- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

#### Requisitos:

Cada grupo ou artista participará cun mínimo de catro temas. **Todos os temas presentados deberán ser orixinais tanto na letra como na música**, e compostos polo grupo ou persoas que o compoñen ou pola persoa artista, no caso de participaren individualmente.

Os temas non orixinais (na súa totalidade, ou nunha parte) que sexan detectados polo xurado serán descartados. A maqueta dos temas presentados terá unha duración máxima de 20 minutos.

#### A documentación a presentar é a seguinte:

- Memoria explicativa no que se recollan os datos seguintes:
  - Nome artístico
  - Relación de compoñentes do grupo, indicando nome e apelidos, DNI, e instrumento
  - Nome e temas do CD ou traballo discográfico
  - Breve biografía de cada artista ou do grupo
- Ficha das necesidades das actuacións:
  - Técnicas
  - De montaxe
  - Plano do escenario
- Declaración responsable de autoría e cesión de dereitos
- Maqueta dos temas presentados en formato Mp3 ou Ogg Vorbis, cunha duración máxima de 20 minutos
- Informe fotográfico e de prensa
- Acreditación documental de ter nacido ou residir nalgún concello galego no ano 2025. No caso dos grupos, deberán presentalo, polo menos, un terzo dos seus compoñentes

No caso de grupos:

- Acordo de nomeamento da persoa que represente ao grupo no que se especifique o alcance da dita representación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación, así como autorización para o cobro do importe do premio e da indemnización, se fose o caso).

#### Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical nomeadas por ela

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: "Órganos colexiados das distintas administracións públicas", artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

#### **Sétima.- Preselección, fase final, concesión e pago**

##### **Preselección**

O xurado, despois da audición das maquetas recibidas, realizará unha primeira selección dun total de tres artistas e/ou grupos que accederán á fase final da actuación en directo. Tamén nomeará tres suplentes para o caso de que algún dos seleccionados non poda acudir a esta actuación.

O resultado da preselección e a convocatoria da actuación serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación

##### **Fase final: actuación en directo**

A fase final, que terá lugar o día 2 de novembro de 2025, consistirá na actuación en directo dos grupos ou artistas preseleccionados e decidirá os premios do concurso.

A actuación de cada un dos grupos ou artistas participantes terá unha duración máxima de 15 minutos, en que interpretarán temas da maqueta presentada.

A organización do concurso facilitaralles aos grupos ou artistas que accedan á fase da actuación en directo, equipo de son, escenario e equipo de iluminación; tamén fixará os horarios das probas de son e da actuación de cada un deles.

Cada grupo ou artista que participe nesta fase recibirá a cantidade de 300,00€, en concepto de indemnización por gastos de desprazamento.

##### **Concesión**

A reunión do xurado terá lugar no segundo semestre de 2025 e a resolución de concesión do premio será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

##### **Pago**

Para o cobro do premio, a persoa premiada deberá presentar a seguinte documentación:

Residencia española:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

Outra residencia:

- Copia do pasaporte ou DNI
- Certificado de residencia fiscal
- Declaración de non ter establecemento permanente en España
- Certificación de titularidade de conta bancaria

A presentación desta documentación farase a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

##### **Oitava.- Obrigas**

Os titulares das obras musicais presentadas, a través da aceptación das bases deste concurso, outorgan unha licenza non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Os dereitos cedidos son os de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición, e a de sincronización.

O ámbito territorial da cesión alcanza todos os países do mundo e a duración será de 10 anos.

#### **Décima.- Protección de datos**

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal).

#### **Novena.- Aceptación das bases**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2025

O Presidente

Valentín González Formoso

A Secretaria

Amparo Taboada Gil

2025/624